

MEMORIA DO CURSO
2022/2023

DEPARTAMENTO CIENCIAS NATURAIS

CPI DE ATIOS

1. GRAO DE CUMPRIMENTO DA PROGRAMACIÓN:

1.1. Contidos que non foron traballados durante o presente curso académico 2021-2022:

- **BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º ESO A e B**

O grao de cumprimento da programación é positivo, quedando catro temas sen traballar: *A dinámica dos ecosistemas, A Hidrosfera, A Atmosfera e O Universo*. A razón de que non se puidesen impartir estes temas débese á falta de tempo debido á redución da terceira avaliación e ás numerosas actividades que se realizaron, como a viaxe a Asturias, os Maíos e Letras Galegas, etc., que reduciron o número de sesións da materia.

- **BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 3º ESO A e B**

O grao de cumprimento da programación é positivo. Os temas relacionados co *Sistema endócrino, o Aparello locomotor, o Sistema inmunitario* e os relacionados co *bloque de Xeoloxía* non se traballaron durante este curso. A razón de que non se puidesen impartir estes temas débese ao reducido número de sesións para Bioloxía e Xeoloxía de 3ºESO e ás numerosas actividades que se solaparon coas sesións da materia.

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 4º ESO A e B

O grao de cumprimento da programación é positivo. Tráballouse sobre todos os temas contemplados na programación.

CULTURA CIENTÍFICA 4ºESO A e B

O grao de cumprimento da programación é positivo. Tráballouse sobre todos os temas contemplados na programación.

2. ANÁLISE DOS RESULTADOS:

2.1. Análise dos resultados académicos da avaliación final (22 de xuño).

O día 22 de xuño celebráronse as xornadas de avaliación final de curso, estes son os resultados académicos das distintas materias.

1º ESO A BiXe

TOTAL ALUMNOS/AS	19	100%
APROBADOS	17	90%
SUSPENSOS	2	10%

1º ESO B BiXe

TOTAL ALUMNOS/AS	18	100%
APROBADOS	16	80%
SUSPENSOS	2	20%

3º ESO A BiXe

TOTAL ALUMNOS/AS	21	100%
APROBADOS	16	76%
SUSPENSOS	5	24%

3º ESO B BiXe

TOTAL ALUMNOS/AS	16	100%
APROBADOS	15	94%
SUSPENSOS	1	6%

4º ESO A BiXe

TOTAL ALUMNOS/AS	16	100%
APROBADOS	14	88%
SUSPENSOS	2	12%

4º ESO B BiXe

TOTAL ALUMNOS/AS	16	100%
APROBADOS	14	88%
SUSPENSOS	2	12%

4ºESO A e B CuCi

TOTAL ALUMNOS/AS	13	100%
APROBADOS	13	100%
SUSPENSOS	0	0%

Os resultados son satisfactorios, cunha porcentaxe de aprobados superior ao 75 % nas catro materias.

2.2. Valoración do desenvolvemento das materias e cursos

• BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º ESO A e B

Os dous grupos de 1º ESO responderon moi ben ás propostas de traballo, tanto individual como en grupos. Isto permitiu realizar ao longo do curso actividades variadas, como prácticas de laboratorio ou actividades de tipo cooperativo, que implicaron a busca de información e exposición de traballos. Estas actividades de carácter máis práctico foron as seguintes:

➤ 2º TRIMESTRE:

- Observación de estomas e cloroplastos en tecidos vexetais ao microscopio
- Identificación de protistas e microalgas en mostras de auga observadas ao microscopio

➤ 3º TRIMESTRE:

- Estudo das propiedades dos minerais
- Identificación de minerais e de rochas
- Identificación de fósiles

- **BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 3º ESO A e B**

O alumnado de 3º B respondeu ben a todas as propostas de traballo levadas a cabo desde o Departamento de Bioloxía e Xeoloxía. O rendemento foi moi bo, e isto quedou reflexado nos resultados académicos. Pola contra, no grupo de 3º A atopáronse moitas máis dificultades. Así, salvo excepcións, foi un curso con un baixo rendemento e con grandes dificultades á hora de comprender e afondar nos contidos. Debido á falta de rutinas no traballo, de interese e de atención na clase, foi difícil para moitos alumnos, acadar os mínimos esixibles. A pesar destas dificultades de base, neste grupo realizáronse igualmente actividades prácticas no laboratorio. Estas actividades foron as seguintes:

- 1º TRIMESTRE:

- Estudo do microscopio e observación de mostras
- Preparación dunha mostra vexetal e visualización ao microscopio
- Determinación da presenza de amidón nos alimentos

- 2º TRIMESTRE:

- Estudo da actividade da amilase salival
- Disección dun corazón de porco. Estudo da súa anatomía e fisioloxía

- 3º TRIMESTRE:

- Estudo da actividade da enzima catalase

- **BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 4º ESO A e B**

En xeral, o alumnado respondeu ben ás propostas de traballo, pero en ambos grupos atopábase alumnado con grandes dificultades na comprensión dos contidos. Isto sumado á falta de esforzo e de constancia no traballo repercutiu nos resultados académicos nalgúns destes alumnos.

- **CULTURA CIENTÍFICA 4º ESO A e B**

O grupo, formado por un total de 13 alumnas dos grupos 4ºA e 4º B, traballou con gran interese e dedicación, asumindo con boa actitude as actividades propostas e mostrando durante todo o curso unha gran implicación e interese pola materia.

- **MATERIAS PENDENTES**

Este curso 22/23 houbo un alumno de 2º ESO con materias pendentes de 1º ESO. Non recuperou a materia por non presentar os traballos requiridos e por deixar en branco o exame final.

2.3. Análise das medidas dirixidas ao alumnado NEAE

As medidas de reforzo educativo e ACI foron satisfactorias en 1ºESO.

As medidas de reforzo educativo non foron de todo satisfactorias en 3ºESO A, quedando 5 alumnos cunha cualificación insuficiente na avaliación ordinaria.

As medidas de reforzo educativo foron satisfactorias en 4ºESO A e B, a excepción de 4 alumnos, dous de A e outros dous de B, que non acadaron unha cualificación positiva na avaliación ordinaria.

3. CONCLUSIÓNS FINAIS: DETECCIÓN DE NECESIDADES E PROPOSTAS DE MELLORA.

- Sería convinte organizarse con outros departamentos para coordinar os traballos que realizan en cada unidade, e así sacar un mellor rendemento e utilidade a estes.
- Cómpre facer un maior seguimento de aqueles alumnos/as con maiores dificultades de aprendizaxe, alumnado de reforzo, incrementado a comunicación coas familias ao longo de todo o curso
- Debido a proximidade entre os exames da terceira avaliación cos exames de recuperación final, as últimas semanas de curso non se puideron aproveitar de todo ben para impartir novos contidos das materias, quedando en todos os cursos parte do currículo sen impartir.

4. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:

O Departamento de Bioloxía e Xeoloxía participou na seguintes actividades complementarias:

Alumnado de 1º ESO:

- Saída ornitolóxica coa SGHN á Lagoa da Frouxeira o día 1 de decembro.
- Charla da cofraría e Cedeira no auditorio da Casa da Cultura o día 30 de maio.

Alumnado de 3º ESO:

- Charla do 24 de abril, organizada polo departamento de orientación, e que foi ofrecida polo colexio de médicos sobre ETS e prevención de embarazos non desexados.

Alumnado de 4º ESO:

- Saída ornitolóxica coa SGHN á Lagoa da Frouxeira o día internacional dos humidais, 2 de febreiro

5. NECESIDADES DO DEPARTAMENTO:

5.1. Formación do profesorado.

A docente Raquel Romero Breijo realizou os seguintes cursos de formación:

- Coñecemento da contorna.

5.2. Valoración da función docente

Por falta de tempo, o alumnado non realizou unha enquisa para valorar a función docente. Respecto a autoavaliación docente a seguinte táboa recolle os aspectos tidos en conta na propia avaliación, así como o seu grado de adquisición.

Autoavaliación da práctica docente				
Escala de valoración: S. Sempre, CS. Case sempre, AV. As veces, N. Nunca				
Indicador de logro	S	CS	AV	N
As actividades desenvolvidas foron axeitadas	X			
Propoño actividades que contribuen a aprendizaxe autónoma	X			
Adapto a ensinanza aos coñecementos previos dos alumnos/as	X			
As estratexias pedagóxicas foron innovadoras e participativas		X		
Manteño unha comunicación fluída cos alumnos/as		X		
Utilizo diferentes instrumentos de avaliación	X			
Os materiais e recursos didácticos resultan proveitosos e son variados, atractivos e motivadores		X		
Logro acadar os obxectivos didácticos requiridos			X	
O tempo de cada unidade didáctica adáptase á planificación inicial				X


5.3. Material didáctico.

As profesoras do Departamento (Irene Portas só durante o primeiro e parte do segundo trimestre) traballaron mediante presentacións dixitais propias, caderno e fichas elaboradas a partir de libros de texto ou de creación propia. En todos os cursos e materias empregouse EDIXGAL e non houbo libro de texto.

5.4. Reparacións e obras

Non é preciso realizar obras nin reparacións relevantes no laboratorio.

Valdoviño, a 28 de xuño de 2023

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'Raquel R', is centered on a light blue rectangular background.

Asdo.: Raquel Romero Breijo
Profesora do departamento de Bioloxía e Xeoloxía